



ACTA XUNTA DE GOBERNO

SESIÓN ORDINARIA DE ONCE DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E CINCO

(ACTA NÚMERO 26)

Presidente:

D. Efrén Castro Caloto

Sres/as. Deputados/as:

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D. Xosé María Arias Fernández

D. Carlos López López

D^a. Iria Castro Fernández

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **once de xullo de dous mil vinte e cinco**, baixo a Presidencia do Vicepresidente D. Efrén Castro Caloto, por ausencia dos titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/ as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o titular da Corporación don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora dona Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten os señores deputados don Iván Castro Díaz e don Miguel Fernández Méndez.

	IV7TQAJDBVBO7PR2RRHSAURGLY	Fecha y Hora	15/07/2025 13:04:57
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TQAJDBVBO7PR2RRHSAURGLY	Página	1/62



1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA CATRO DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día catro de xullo de dous mil vinte e cinco que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS “CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DA VIALIDADE NA REDE VIARIA PROVINCIAL EN ZONAS DE OROGRAFÍA COMPLEXA (ZONAS 5, 6 E 7). 2025-2027.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de *contratación por lotes do servizo para a conservación e mantemento da vialidade na rede viaria provincial en zonas de orografía complexa Anualidade 2025-2027*. Expediente nº: 2025/con_02/000077, consta no mesmo:

1. Orden de inicio, con CSV: IV7TUPJJDYRDSOI4ZOMAXZV6A
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7TUPJLHT7PRP42TR5C6RSU6E
3. Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7TVWYOHX7LYTBJSFIDKRA7GQ
4. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7TUPJINBOC7GR56R6XK4S7CU
5. Informe de persoal con dereito a subrogación, con CSV: IV7TXQJDZZSTBHKWY6N532PIM
6. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7TQTHNPL6CV66PCPD553E04
7. Informe xurídico, con CSV: IV7TQTHYP37YXGWJ47WQMJTWOI

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación a contratación por lotes dos servizos para a conservación e mantemento da vialidade na rede viaria provincial en zonas de orografía complexa (zonas 5, 6 e 7). 2025-2027. EXPEDIENTE Nº: 2025/CON_02/000077.

2º.- Aprobación o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación

	IV7TQAJDBVBO7PR2RRHSAURGLY	Fecha y Hora	15/07/2025 13:04:57
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TQAJDBVBO7PR2RRHSAURGLY	Página	2/62





do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, contemplando a modalidade do procedemento e plena definición das prestacións a contratar.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4 a) e 131.2 da LCSP, como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, respectando os principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es). O prazo de presentación de proposicións, nesta modalidade de contratación de servizos suxeita a regulación harmonizada, será de 30 días naturais, contados desde a data de envío ao DOUE, precisando na Plataforma de Contratos do Sector Público o último día para presentar proposicións (art. 156.2 e 156.3 ap.c) da LCSP).

4º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 0 orzamento base de licitación deste 2.519.282,80 euros máis 529.049,39 euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un cómputo total de 3.048.332,19 euros e está integrado polos seguintes conceptos desglosados por lotes:

	Zona 5	Zona 6	Zona 7
Importe sen IVE	839.547,61	846.548,99	833.186,20
IVE	176.305,00	177.775,29	174.969,10
Importe Total	1.015.852,61	1.024.324,28	1.008.155,30

O prezo total incluído IVE ascende a 3.048.332,19 euros e financiase dacordo as seguintes anualidades:

	ANUALIDADE 2025 (RC: 22025/ 19766- 19767-19768)	ANUALIDADE 2026 (RC:220259/ 318- 319-320)	ANUALIDADE 2027 (RC: 220259/318- 319-320)	ORZAMENTO BASE LICITACIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA
ZONA 5	126.981,58	507.926,30	380.944,73	1.015.852,61	4530.210
ZONA 6	128.040,54	512.162,14	384.121,60	1.024.324,28	4530.210
ZONA 7	126.019,41	504.077,65	378.058,24	1.008.155,30	4530.210
TOTAL	381.041,53	1.524.166,09	1.143.124,57	3.048.332,19	

	IV7TQAJDBVBO7PR2RRHSAURGLY	Fecha y Hora	15/07/2025 13:04:57
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TQAJDBVBO7PR2RRHSAURGLY	Página	3/62



A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2026 e 2027 as cantidades indicadas na aplicación orzamentaris que corresponda.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación a proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DO EQUIPAMENTO PARA O CAMPAMENTO TURÍSTICO AUGASMESTAS.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación da subministración de equipamento para o campamento turístico Augasmestas, 2025/CON_02/000074, consta no mesmo:

- 1.- Orden de inicio de expediente, con CSV: IV7TUXPDOE65RKHLYNN46BX6GU2.- Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7TUXPMNR5I3HFLU74XAARU5Y
- 3.- Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7TUXPYMAZOHVJA5NF6ELE6I
- 4.- Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7TW7IOZIMM33XM27XH6APSFY
- 5.- Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7TQW2TNP6Y5FPCSEGQEIXB5Y
- 6.- Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7TQWZLJ56JJ6RNQIEMJYBCU
- 7.- Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación da subministración de equipamento para o campamento turístico Augasmestas, 2025/CON_02/000074, cun prazo de entrega de dous meses, sen previsión de prórroga.

2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de valoración, para a selección da mellor oferta e a satisfacción das

	IV7TQAJDBVBO7PR2RRHSAURGLY		Fecha y Hora	15/07/2025 13:04:57	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TQAJDBVBO7PR2RRHSAURGLY		Página	4/62	



necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 141.733,18 € ao que se sumará un IVE de 29.763,97 € (21%), o que fai un total de 171.497,15 €, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP, atendendo ao seguinte desglose:

LOTE	IMPORTE € (SEN IVE)	IVE (21%)	IMPORTE € (CON IVE)
1	80.417,18 €	16.887,61 €	97.304,79 €
2	61.316,00 €	12.876,36 €	74.192,36 €
TOTAL	141.733,18 €	29.763,97 €	171.497,15 €

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación a proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE LICITACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.

Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: A FONSAGRADA.- Urbanización do polígono industrial de A Fonsagrada.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

	IV7TQAJDBVBO7PR2RRHSAURGLY	Fecha y Hora	15/07/2025 13:04:57
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TQAJDBVBO7PR2RRHSAURGLY	Página	5/62



“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: A FONSAGRADA.- Urbanización do polígono industrial de A Fonsagrada, consta no mesmo:

1. Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de A FONSAGRADA aprobado pola Xunta de Goberno en data 10/03/2023 e asinado en data 21/04/2023 para a execución dos fins comúns consistentes na URBANIZACIÓN DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE A FONSAGRADA (Incluído expropiacións /adquisición de terreos), e addenda aprobada por Resolución da Presidencia de data 19/02/2025 e asinada o 19/02/2025 da que seu conta á Xunta de Goberno en sesión do 28/02/2025, do que trae causa esta licitación
2. Proxecto da obra indicada, redactado por UTE ABANTE MEIRIÑO e posterior anexo relativo á clasificación esixida.
3. Informe de Supervisión, emitido polo Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos en data 04/06/2025 , con CSV: : IV7SGSYIZ3ZY36F53U5AENLU4M e posterior informe complementario con CSV: IV7TWDHMBT4K2WPZ2NXN5ZJGI4
4. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7SGDQ7CEV6IVFZ4VGFCMRAL4 e posterior aclaración.
5. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7SGDRSGAZ6WVECQN5KQHD4E
6. Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7SGDQ6FJO22X6T23QU4JKXCI
7. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7TUCL6B4G3RPPPW744PZXSOA
8. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7TWKQ5CBE4SXRIA4QWCZQCOU
9. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7TWKQSF5JIX5MOCJAUP72DCI
10. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico, aos efectos da licitación, relativo á contratación das obras de: A FONSAGRADA. Urbanización do polígono industrial de A Fonsagrada, con informe de supervisión favorable, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

	IV7TQAJDBVBO7PR2RRHSAURGLY	Fecha y Hora	15/07/2025 13:04:57
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TQAJDBVBO7PR2RRHSAURGLY	Página	6/62





3º.- Aprobar o gasto, por importe de 2.612.065,73 €, dos cales 453.333,72 € corresponden ao IVE (21%), de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP, atendendo ao seguinte desglose:

EXERCICIOS	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS	IMPORTES	DOCUMENTOS CONTABLES
2023	1510.6500955	160.080,73 €	RC: 22023/6229
2024	1510.6500955	727.262,16 €	RC: 220239/26
2025	1510.65009	727.262,17 € 202.648,87 €	RC: 22025/559 RC: 22025/18915
2026	1510.65009	727.262,17 € 67.549,63 € 2.612.065,73 €	RCP: 220239/26 RCP: 22025/228

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade de 2026 a cantidade indicada nas aplicacións sinaladas.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación a proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE ADXUDICACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.

1º.- *Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da obra: Castro de Rei.- explotación porcina de cerdo celta destinada a docencia.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 03/07/2025, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“(…)

ANTECEDENTES.

1. Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7V4KAOH37T5GE44LUSP5XAGM
2. proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras indicadas redactado por D. Lucas Cabanelas Vázquez.

	IV7TQAJDBVBO7PR2RRHSAURGLY	Fecha y Hora	15/07/2025 13:04:57
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TQAJDBVBO7PR2RRHSAURGLY	Página	7/62



3. Informe de Supervisión, emitido polo Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos en data 29/11/2024, con CSV: : IV7VRT7ZDZRLJHMTZQG5652A4M
4. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7V4CX6GFZCUXVZ4BXUAH2FI4
5. Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7V5XDJDRVLZJO64E5HNYHGBY
6. Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7V5XDDJIPYRDH75QUAGQLP64
7. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7V5XTIPZOKX3ECQFIXMMCT6A
8. Acordo da Xunta de Goberno, de data 27/12/2024, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7V66APZQFTVW4KWQMMONAUC4
9. Publicación, o día 27/12/2024, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).
10. Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.
11. Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 28/01/2025, para apertura da documentación administrativa e oferta técnica con CSV: IV7VETQPZUFKTKNZQYMQGFDEEQ.
12. Acta da Mesa de Contratación, con CSV: IV7VGG73L3VJ7L5T4MAA4ACOIY, reunida en acto público con data 14/02/2025 dando conta do informe da Unidade de Proxectos, en relación coa valoración da oferta técnica –criterio xuízo de valor-, do que resulta a seguinte puntuación:

GROUP PRODESCON & AMIL SL	14,51
VILARIÑO ESP SLU	9,25

Así mesmo procedeuse á apertura das ofertas económicas, resultando:

CASTRO DE REL.- EXPLOTACIÓN PORCINA DE CERDO CELTA DESTINADA A DOCENCIA			
ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)		1.057.404,26	CLASIFICACIÓN: C-2-4
LICITACIÓN N SEN IVE	873.887,82		IVE. PARTIDA
	183.516,44		INDEPEND
VALOR ESTIMADO		1.153.531,92 €	
PRAZO DE EXECUCIÓN:		12	MAX
			17.477,76 € S/ LIC SEN IVE

EMPRESAS / (GRUPO)		DO C "A"	OBJETIVOS (75)			CRITERIO DESEMPATE
			PREZO (IVE incluído - art 102) (60)	AUMENTO PRAZO GARANTÍA (10)	PROGRAMA DIVULGACIÓN (5)	Plantel / Discapacitados
1	GROUP PRODESCON & AMIL SL		1.050.280,00 €	1,00	8.680,00	20/0
2	VILARIÑO ESP SLU		992.240,84 €	4,00	17.477,76	98/2

Tendo en conta o anterior, procedeuse á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra, incorporando

IV7TQAJDVBVO7PR2RRHSAURGLY		Fecha y Hora	15/07/2025 13:04:57
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TQAJDVBVO7PR2RRHSAURGLY	Página	8/62





a puntuación obtida na valoración dos criterios de adxudicación cuantificables mediante xuízo de valor. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)			OBJECTIVOS (80)						XUÍZO DE VALOR - SUBJECTIVOS (20)	TOTAL
			PREZO (60)		AUMENTO PRAZO DE GARANTIA (10)		PROGRAMA DIVULGACIÓN OBRAS (5)		MEMORIA TÉCNICA (25)	
									SEGUNDO INFORME TÉCNICO	
			OFERTA (INCLUIDO IVA)		ATA 4 ANOS A 2,5 POR ANO	MAXIMO 2% LIC SEN IVE	17.477,76 €			
		ANOS	PTOS	IMPORTE	PTOS	PTOS				
1	GROUP PRODESCON & AMIL SL	1.050.280,00 €	6,56	1	2,50	8.680,00	2,48	14,51	26,05	
2	VILARIÑO ESP SLU	992.240,84 €	60,00	4	10,00	17.477,76	5,00	9,25	84,25	

De seguido, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS		OFERTA
		Oferta
1	GROUP PRODESCON & AMIL SL	1.050.280,00 €
2	VILARIÑO ESP SLU	992.240,84 €

BAIXA
793.792,67
840.224,00

Tendo en conta que ningunha das ofertas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, a Mesa acordou en dita sesión, por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

1. Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)		TOTAL
1	VILARIÑO ESP SLU	84,25
2	GROUP PRODESCON & AMIL SL	26,05

2. Requirir á mercantil VILARIÑO ESP SLU, para que, dentro do prazo de 10 DÍAS HÁBILES, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, -sempre que no se tivese

IV7TQAJDBVBO7PR2RRHSAURGLY		Fecha y Hora	15/07/2025 13:04:57
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TQAJDBVBO7PR2RRHSAURGLY	Página	9/62



aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de contratistas de CCAA- e acredite a efectiva disposición dos medios mínimos establecidos no PCAP, e a constitución da garantía definitiva por importe de 41.001,69 euros, que supón o 5% do prezo de adxudicación, sen IVE, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

13. Resolución da Presidencia de data 20/02/2025, con CSV: IV7SUTBCFAUN3ZNNUFMW64CWIM, relativa á clasificación dos licitadores presentados e admitidos e acordando o requirimento á empresa clasificada en primeiro lugar: VILARIÑO ESP SLU, para que dentro do prazo de dez días hábiles, presentara a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

14. Notificación a través da Plataforma de Contratos do Sector Público á indicada mercantil, o día 21/02/2025, rematando o prazo de presentación o día 10/03/2025.

15. A mercantil VILARIÑO ESP SLU, presentou a documentación requirida o 10/03/2025 a través da plataforma de contratos do sector público.

16. A mercantil VILARIÑO ESP SLU, presentou escrito de renuncia o 29/05/2025, con RE nº 2025RT010576.

17. Pola Xunta de Goberno en data 06/06/2025 aceptouse a solicitude de renuncia da mercantil VILARIÑO ESP SLU, acordando a devolución da garantía depositada, así como requirir á mercantil GROUP PRODESCÓN & AMIL SL, licitador seguinte na clasificación das ofertas do procedemento, para que, dentro do prazo de 10 DÍAS HÁBILES, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, -sempre que no se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de contratistas de CCAA- e acredite a efectiva disposición dos medios mínimos establecidos no PCAP, e a constitución da garantía definitiva por importe de 43.400,00 euros, que supón o 5% do prezo de adxudicación, sen IVE, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

18. Notificación a través da Plataforma de Contratos do Sector Público á indicada mercantil, o día 11/06/2025, rematando o prazo de presentación o día 25/06/2025

19. A mercantil GROUP PRODESCON & AMIL SL, presentou a documentación requirida o 25/06/2025 a través da plataforma de contratos do sector público.

Reunida a Mesa o día de hoxe, ós efectos da valoración da documentación establecida no artigo 150 da LCSP en relación coa cláusula 17 do PCAP, remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase que a empresa GROUP

	IV7TQAJDBVBO7PR2RRHSAURGLY	Fecha y Hora	15/07/2025 13:04:57
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TQAJDBVBO7PR2RRHSAURGLY	Página	10/62





PRODESCON & AMIL SL presenta correctamente a documentación requirida, en tempo e forma.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación algunha neste senso enténdese que a documentación presentada pola licitadora é correcta, polo que a mesa de contratación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, e tendo en conta o establecido no PCAP, ACORDA PROPOÑER que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

1. Adxudicar á empresa GROUP PRODESCON & AMIL SL con C.I.F. B32477176 a contratación da obra denominada CASTRO DE REI.- EXPLOTACIÓN PORCINA DE CERDO CELTA DESTINADA A DOCENCIA (2024/CON_02/000095) de acordo ao proxecto aprobado pola Xunta de Goberno en data 27/12/2024 nos termos seguintes:
 - a. Prezo de 1.050.280,00 €, dos cales 182.280,00€ corresponden ao IVE (21%).
 - b. Aumento do prazo de garantía en 1 ano por enriba do obrigatorio.
 - c. Programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 8.680,00€ mais IVE.
 - d. Cumprimento da oferta técnica
 - e. Prazo de execución: Previsto nos pregos -12 meses- coa diminución ofertada pola adxudicataria na súa oferta técnica, -29 días-.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición o aumento do prazo de garantía; o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas; diminución do prazo de execución, de ser o caso; a achega o plan de seguridade de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

2. Determinar que o adxudicatario proceda a efectuar os trámites necesarios para a solicitude da licenza e o pago da mesma, nos termos establecidos no PCAP.

3. Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151

	IV7TQAJDBVBO7PR2RRHSAURGLY	Fecha y Hora	15/07/2025 13:04:57
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TQAJDBVBO7PR2RRHSAURGLY	Página	11/62



do LCSP.

4. Instar á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale.

5. Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización “de conformidade”, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte ACORDO:

1º.- Adxudicar á empresa GROUP PRODESCON & AMIL SL con C.I.F. B32477176 a contratación da obra denominada CASTRO DE REI.- EXPLOTACIÓN PORCINA DE CERDO CELTA DESTINADA A DOCENCIA (2024/CON_02/000095) de acordo ao proxecto aprobado pola Xunta de Goberno en data 27/12/2024 e baixo a condición suspensiva da efectiva disposición e acreditación das licenzas e autorizacións necesarias, de acordo co disposto no PCAP que deberá acreditar antes da formalización do contrato. Os termos, unha vez se cumpra a condición suspensiva indicada, son os seguintes:

- Prezo de 1.050.280,00 €, dos cales 182.280,00€ corresponden ao IVE (21%).
- Aumento do prazo de garantía en 1 ano por enriba do obrigatorio.
- Programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 8.680,00€ mais IVE.
- Cumprimento da oferta técnica
- Prazo de execución: Previsto nos pregos -12 meses- coa diminución ofertada pola adxudicataria na súa oferta técnica, -29 días-.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición o aumento do prazo de garantía; o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas; diminución do prazo de execución; a achega o plan de seguridade de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

2º.- Determinar que o adxudicatario proceda a efectuar os trámites necesarios para a solicitude da licenza e o pago da mesma, nos termos establecidos no PCAP e a realizar calquera actuación tendente á súa obtención, sen que proceda a formalización do contrato en canto non acredite a disposición da oportuna licenza e/ou calquera outra autorización necesaria para a execución da obra coa maior celeridade.

3º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

	IV7TQAJDBVBO7PR2RRHSAURGLY	Fecha y Hora	15/07/2025 13:04:57
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TQAJDBVBO7PR2RRHSAURGLY	Página	12/62





4º.- Instar á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, quedando esta adiada ata que o adxudicatario acredite a disposición da licenza e as autorizacións que lle fosen necesarias para a execución da obra.

5º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual unha vez cumprida e acreditada a condición suspensiva.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación a proposta presentada e anteriormente transcrita.

2º.- *Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da obra: Pedrafita do Cebreiro.- Acondicionamento da LU-P-1301 “Seoane do Courel (LU-651) – Hospital (Lu-633) e ramais a Piñeira e Lousada – Vilela” p.k. 6+868 a 7+350.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“En relación coa apertura de documentación requirida a empresa proposta como adxudicataria, ao abeiro do artigo 150 da LCSP, para a licitación da obra PEDRAFITA DO CEBREIRO.- Acondicionamento da LU-P-1301 “ Seoane do Courel (LU-651) – Hospital (Lu-633) e ramais a Piñeira e Lousada – Vilela” p.k. 6+868 a 7+350 (2025/CON_02/000047), e tendo en conta os antecedentes indicados, informase o seguinte:

ANTECEDENTES.

20. Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7S4UP3NUP3RWF43VBEM2PHY

21. Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras indicadas con CSV: IV7VXWRP37Z2JCG7CQNBINR76Q

22. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7S43Z5ZUHI5NJ56Z5CCFY6NY

23. Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7S62T6PBKJTR36F5MMFCGP4

24. Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7S62T4FV65LPN7XX4TMPYBME

	IV7TQAJDBVBO7PR2RRHSAURGLY	Fecha y Hora	15/07/2025 13:04:57
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TQAJDBVBO7PR2RRHSAURGLY	Página	13/62



25. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7S6DZSF4N55JGOWFXV4UDCE4

26. Acordo da Xunta de Goberno, de data 25/04/2025, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7S7SR6DZN7RTRDWINUM4HVIM

27. Publicación, o día 25/04/2025, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

28. Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 23/05/2025, con CSV: IV7S3UJPIFJPTXUKDXXGP57HJ4 na que se acordou declarar deserta a licitación ao non presentarse ningún licitador.

29. Acordo da Xunta de Goberno, de data 30/05/2025, polo que se declara deserta a licitación da obra indicada e se dispón a apertura de procedemento negociado sen publicidade, con convite a tres empresas.

30. Informes con CSV IV7SGDTMFAXMTBN7XU4WBYA7MU e IV7TUTS5FZ4JX3RTUYOXF72P6Y relativos a apertura das ofertas presentadas inicialmente e na fase de negociación, co seguinte resultado:

Ningunha das empresas presentou oferta na fase de negociación, polo que seanteñen as ofertas presentadas na primeira fase:

EMPRESAS / (GRUPO)			OBXECTIVOS (80)								TOTAL
			PREZO (57,50)		MELLORAS (...) (10)		AUMENTO PRAZO DE GARANTIA 3 ANOS (7,50)		PROGRAMA DIVULGACIÓN OBRAS (5)		
									MAXIMO 2% LIC SEN IVE	6.409,73 €	
			OFERTA (INCLÚIDO IVA)		BARRERA METALICA SEGURIDADE		SI /NO 7,5 /0				
	PTOS	METROS	PTOS	SI/NO	PTOS	IMPORTE	PTOS				
1	HERMANOS PICO YAÑEZ SL	386.880,92 €	57,50	0,00	0,00	NO	0,00	0,00	0,00	57,50	
2	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	387.788,42 €	0,00	0,00	0,00	NO		0,00	0,00	0,00	
3	GRUPO BASCUAS 2008 SL	NON PRESENTOU OFERTA/DOCUMENTACIÓN REQUERIDA								0,00	

De seguido, mediante aplicación informática Excel (folia de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS		OFERTA	BAIXA
		Oferta	
1	HERMANOS PICO YAÑEZ SL	386.880,92 €	310.230,74
2	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	387.788,42 €	309.504,74

Tendo en conta que ningunha das ofertas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, elevouse ao órgano de contratación para que clasifique e requira ao clasificado en primeiro lugar.

Por Resolución da Presidencia, de data 19/06/2025 con CSV IV7TU6STFZPCX2NZVR44IVHR7Y acordouse:

IV7TQAJDBVBO7PR2RRHSAURGLY		Fecha y Hora	15/07/2025 13:04:57
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TQAJDBVBO7PR2RRHSAURGLY	Página	14/62





1. Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)		TOTAL
1	HERMANOS PICO YAÑEZ SL	57,50
2	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	0,00

2. Requirir á empresa HERMANOS PICO YAÑEZ SL para que, dentro do prazo de 10 DÍAS HÁBILES, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, -sempre que no se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de contratistas de CCAA- e acredite a efectiva disposición dos medios mínimos indicados no prego, e a constitución da garantía definitiva por importe de 15.986,82 euros, que supón o 5% sobre o prezo de adjudicación, sen IVE, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderáse que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

31. Notificación a través da Plataforma de Contratos do Sector Público á indicada mercantil, o día 20/06/2025, rematando o prazo de presentación o día 04/07/2025.

32. A mercantil HERMANOS PICO YAÑEZ SL, presentou a documentación requirida o 30/06/2025 a través da plataforma de contratos do sector público.

Reunida a Mesa o día de hoxe, ós efectos da valoración da documentación establecida no artigo 150 da LCSP en relación coa cláusula 17 do PCAP, remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase que a empresa HERMANOS PICO YAÑEZ SL presenta correctamente a documentación requirida, en tempo e forma.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación algunha neste senso enténdese que a documentación presentada pola licitadora é correcta, polo que a mesa de contratación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á

IV7TQAJDBVBO7PR2RRHSAURGLY		Fecha y Hora	15/07/2025 13:04:57
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TQAJDBVBO7PR2RRHSAURGLY	Página	15/62



mellor oferta, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, ACORDA PROPOÑER que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

6. Adxudicar á empresa HERMANOS PICO YAÑEZ SL con C.I.F. B-27150572 a contratación da obra denominada PEDRAFITA DO CEBREIRO.- Acondicionamento da LU-P-1301 “ Seoane do Courel (LU-651) – Hospital (Lu-633) e ramais a Piñeira e Lousada – Vilela” p.k. 6+868 a 7+350 (2025/CON_02/000047), de acordo ao proxecto aprobado pola Xunta de Goberno en data 25/04/2025 nos termos seguintes:

- a. Prezo de 386.880,92 €, dos cales 67.144,62€ corresponden ao IVE (21%).
- b. Prazo de execución 6 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición a achega o plan de seguridade de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

7. Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

8. Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

9. Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

10. Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma”.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización “de conformidade”, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte ACORDO:

1º.- Adxudicar á empresa HERMANOS PICO YAÑEZ SL con C.I.F. B-27150572 a contratación da obra denominada PEDRAFITA DO CEBREIRO.- Acondicionamento da LU-P-1301 “ Seoane do Courel (LU-651) – Hospital (Lu-633) e ramais a Piñeira e Lousada – Vilela” p.k. 6+868 a 7+350 (2025/CON_02/000047), de acordo ao proxecto aprobado pola Xunta de Goberno en data 25/04/2025 nos termos seguintes:

- a. Prezo de 386.880,92 €, dos cales 67.144,62€ corresponden ao IVE (21%).
- b. Prazo de execución 6 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición a achega o plan de seguridade de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

	IV7TQAJDBVBO7PR2RRHSAURGLY	Fecha y Hora	15/07/2025 13:04:57
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TQAJDBVBO7PR2RRHSAURGLY	Página	16/62





2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala, unha vez notificado o acordo.

4º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

5º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación a proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE APLICACIÓN DE REMANENTES DO PLAN DEPUTACIÓN 2024.

1º.- Proposta de aprobación, se procede, relacion co escrito da alcaldía do Concello de Navia de Suarna solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación dos investimentos nº 163-164-165-167-168-169 incluídos no plan Deputación 2024.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de NAVIA DE SUARNA no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (163-164-165-167-168-169) incluídos no PLAN DEPUTACIÓN 2024, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 26/12/2023 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan do PLAN DEPUTACIÓN 2024. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 08/01/2024.

	IV7TQAJDBVBO7PR2RRHSAURGLY	Fecha y Hora	15/07/2025 13:04:57
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TQAJDBVBO7PR2RRHSAURGLY	Página	17/62



2. Nas devanditas bases establécese, concretamente na base 15 “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións, ou derivadas de modificacións/substitucións de investimentos, poderán ser investidas por cada concello nos termos que se indican:

- Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento /actuación onde se producira a baixa).
- Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2025, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.
